

MESA SECTORIAL PERSOAL FUNCIONARIO EXTRAORDINARIA

Santiago de Compostela 05/12/2022

Deuse conta por parte da Dirección Xeral da Función Pública de:

ALEGACIÓNS ACEPTADAS AO RESPECTO DOS TEMARIOS DALGÚNS DOS PROCESOS DERIVADOS DA LEI 20/2021.

Algunhas das cuestións, a espera da revisión total das alegacións dos temarios específicos, por parte das Consellerías proponentes dos mesmos e que se remitirán ás OOSS antes da Comisión de Persoal, son:

- Bioloxía: Acéptase a proposta para a utilización do temario da ope do ano 2019, actualizando o que estea derogado.
- Química: acéptase os cambios propostos nos temas 34/40 e 41 e se suprime a normativa derogada.
- Veterinaria: no tema 30 suprímese normas derogadas.
- Enxeñería Técnica Obras Públicas: acéptase a alegación dos temas: 1, 3, 4, 6 e 14
- Enxeñería Técnica Agrícola: Acéptase redución nos temas: 1, 18, 25, 27, 28, 31 e 32.
- Linguaxe de signos: acéptase o desglose do tema 1 en 4 temas, todos eles de normativa.
- Xerocultor/a: acéptase a redución do temario específico a 13 temas.

UGT FAI CONSTAR:

A remisión ás alegacións aportadas, con especial consideración na igualdade dos mesmos coa necesaria proporcionalidade en función das competencias dos postos de traballo. Facemos alusión a que en:

Sistemas de Información Xeográfica no temario común constan 14 temas, cando o acordado son 13, para o A1.

Bioloxía, no temario específico, no arquivo independente aparecen 55 temas e no arquivo conxunto con outras escalas aparecen 45 temas, que se aclare cal é o que corresponde.

Nas especialidades Náutico-Pesqueiras sucede o mesmo, no arquivo independente aparecen 40 temas e no conxunto con outras escalas aparecen 47, polo que solicitamos aclaración.

CARREIRA PROFESIONAL E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO:

Aberto o prazo de solicitudes, informa que o venres ás 15:00 hs, con todos os problemas que deu a plataforma, tiñan solicitado máis de 2.000 persoas, **TAN MALO NON DEBE SER O ACORDO. PARABÉNS AOS QUE REINCORPORAN Á PERCEPCIÓN DA CARREIRA, E AOS QUE ACCEDEN POR PRIMEIRA VEZ, CONSECUCIÓN PARA TODOS CO VOTO A FAVOR DE UGT.**

PROCESOS SELECTIVOS DA LEI 20:

O luns remitirán as convocatorias dos mesmos, con 3 partes:

- A convocatoria co número de prazas.
- Os programas, que levarán publicación a parte.
- Listaxe de prazas: neste aspecto alude á remisión ás Organizacións Sindicais cando estean revisadas todas as alegacións remitidas e contestadas logo da revisión feita polas mesmas.

APROBACIÓN DA OPE ORDINARIA DE 2022:

Remiten a semana que ven borrador que recollerá a taxa de reposición ordinaria, quenda de promoción interna separada e quenda de funcionarización.

RPT FUNCIONARIZACIÓN DO GRUPO V CATEGORÍAS 1 E 11:

Remiten a semana que ven a RPT coa requirida, por UGT, homologación de categorías por tipoloxía de centros e revisión das sentenzas de recoñecemento de pluses que temos alegado.



OUTRAS INFORMACIÓNS DADAS POLA DIRECCIÓN XERAL:

- **Concurso de finanzas:** están traballando nel, a semana que ven, na vindeira Comisión de Persoal, informará da data concreta de publicación do mesmo.
- **Toma de posesión o I-004 (Titulado Superior):** está prevista a súa publicación en DOG o vindeiro día 12, xa que foi hoxe asinada a polo DXFP.
- **A2 e C1:** prazo de toma de posesión, está previsto se publique o vindeiro día 12 no DOG.
- **C2:** van a intentar sacar a elección de destino durante este mes de decembro, así como, algunha categoría máis, aínda que é certo que a partir da semana que ven, todo o que non de tempo a sacar quedaría xa para xaneiro do vindeiro ano. Intentaranse publicar dous ou tres categorías máis para elección de destino.
- **RPT de funcionarización do Grupo V:** esta prevista a finalización da negociación e aprobación neste mes de decembro, aínda que polas datas nas que estamos a previsión é que a toma de posesión sexa para os meses de febreiro ou marzo do ano que ven.
- Sobre a cuestión de que porque hai menos **prazas do A1 para a consolidación**, explica que porque dentro do A1 e o I-004, máis de 30 prazas foron encadradas en postos como por exemplo de enxeñería, arquitectura, atendendo a recoñecementos de sentenzas ou casos nos que as prazas nin estaban creadas, de todas formas alude a un desaxuste de prazas inferior ao 0.5%
- Está previsto colocar na **web de Función Pública a relación por escalas** e remitir ás OOSS unha folia de cálculo para fin de realizar as comprobacións oportunas.
- Confirma que **o venres remitíronse aos Entes Instrumentais os modelos de convocatoria** para que inicien as negociacións dentro do seu ámbito.
- **Anuncia que a OPE dos procesos de estabilización** derivados da Lei 20 irá ao **Consello da Xunta do día 22** de decembro. A Lei de medidas extraordinarias referentes ao emprego público publicarase o día 21, prevendo esta a posibilidade de que o prazo de solicitudes **comezará o luns día 16 de xaneiro**.
- **Os criterios de baremación para aplicar nos procesos de estabilización da Lei 20/2021, segundo indica non serán publicados en DOG, se non a través da web da Dirección Xeral da Función Pública.**

